

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AUGAS DE GALICIA**

ANUNCIO do 18 de xullo de 2024, da Área de Verteduras, polo que se somete a información pública unha solicitude de autorización de vertedura no concello de Mañón (expediente DH.V15.102904).

En cumprimento do previsto no artigo 248 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público que se está a tramitar a seguinte solicitude de autorización de vertedura:

Solicitante: Concello de Mañón.

NIF: P1504500H.

Expediente: DH.V15.102904.

Lugar: O Porto do Barqueiro.

Parroquia: Mogor.

Concello: Mañón.

Tipo de vertedura: augas residuais urbanas depuradas.

Caudal máximo anual: 65.700 m³/ano.

Punto de vertedura: X=604.728; Y=4.843.554.

Medio receptor: Ría do Barqueiro (bacía da ría de Ortigueira).

Tratamento/evacuación:

As augas residuais urbanas recollidas no saneamento do núcleo do Porto do Barqueiro-Mogor, son tratadas en dous sistemas de depuración de aireación prolongada



con tratamento terciario por ozonización e hipoclorito sódico, deseñados cada un deles para 500 habitantes equivalentes; o efluente depurado verte á ría do Barqueiro mediante condución de PVC.

O proxecto pode consultarse na sección de participación pública do portal da internet de Augas de Galicia (<https://augasdegalicia.xunta.gal>) e nas oficinas de Augas de Galicia, situadas na praza de Camilo Díaz Baliño, 7-9, Santiago de Compostela, solicitando cita previa no teléfono 981 54 50 87.

Os interesados poderán presentar alegacións durante o prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2024

Leticia Valladares López
Xefa da Área de Verteduras

